

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E
VIDA SAUDABLE DO DÍA 21/11/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTE: D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ

VOGAIS: D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA

D^a. PAULA BOUZÓS BARROS

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ

D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D^a. BEATRÍZ LOMBA RODRÍGUEZ

D^a. MARÍA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e un de novembro de dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D^a. Luisa María Sánchez Méndez. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola Presidenta, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día vinte e catro de outubro de dous mil vinte e cinco.



2.- Dar conta da "2ª CONVOCATORIA DAS BASES DE AXUDAS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2025".

A presidenta dá conta da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, desta segunda convocatoria, que ten por obxecto regular o procedemento de concesión do segundo paquete de axudas para a adquisición de bens que lles serán entregados ás persoas participantes en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra, ou ben financiar servizos necesarios para organizar e desenvolver estes campionatos ou eventos deportivos.

Estas axudas, que se tramitarán polo procedemento de concesión directa e mediante convocatoria aberta de carácter anual, continuarán promovendo a práctica deportiva na provincia de Pontevedra, ao darlle continuidade á primeira convocatoria, puidendo así poder atender, tanto as solicitudes que quedaran pendentes de resolver coma as novas que se presenten. Con elas preténdese estimular a participación das e dos deportistas en eventos deportivos e favorecer, ao mesmo tempo, o incremento progresivo do número e da calidade destes eventos.

Convocáronse cun financiamento de 100.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/340.3410.489.01. O prazo de presentación de novas solicitudes comezou o día 23 de outubro e finalizará o 1 de decembro de 2025.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás doce horas e trinta e cinco minutos do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

